

Axudas económicas a través do Programa de Respiro familiar para coidadoras/es de persoas con dependencia ou discapacidade - BS614B

Busca na páxina

 IMPRIMIR

Normativa
 Orde do 12 de abril de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de axudas económicas ás familias con persoas en situación de dependencia ou con discapacidade a través do programa Respiro familiar para persoas coidadoras e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento. (https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240419/AnuncioG0657-150424-0001_gl.pdf) (DOG nº 78 do 19/04/2024) BS614B Extracto (https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240419/AnuncioG0657-150424-0002_gl.pdf) (DOG nº 78 do 19/04/2024)
Obxecto
Axudas económicas, en réxime de concorrencia non competitiva, dentro do programa Respiro familiar, para facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas coidadoras para o exercicio 2024.
Modalidades

1. **Respiro no fogar**, para financiar a atención puntual, integral e directa no propio fogar da persoa dependente ou con discapacidade.
2. **Modalidade de respiro en centro de día**, para financiar os gastos da atención puntual, integral e directa en centros de día da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. **Respiro en residencia, para financiar estadias temporais** en centros residenciais da CA de Galicia.

Serán subvencionables os gastos xerados no ano 2024 dos servizos constituídos polas actuacións que se desenvolvan no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2024.

Persoas beneficiarias

Persoas coidadoras habituais non profesionais que atendan de forma continuada unha ou máis persoas dependentes ou con discapacidade ou en situación de necesidade de terceiros para as actividades da vida diaria, acreditada mediante informe médico e social.

Requisitos para acceder á subvención

Para que a persoa coidadora sexa beneficiaria da subvención é necesario que concorran os seguintes requisitos:

- a. Que ben a persoa coidadora solicitante da subvención ou ben a persoa ou persoas que atenda sexan residentes na C.A. de Galicia.
- b. Que a persoa a que se atende presente calquera das seguintes situacións:
 1. Discapacidade física, psíquica ou mental con necesidade de axuda de terceiras persoas para as actividades da vida diaria, e ter recoñecida polo organismo competente unha discapacidade en grao igual ou superior ao 75 %.
 2. Ter recoñecida a situación de dependencia polo organismo competente; grao II ou III.
 3. Que a persoa a que se atende, no caso de non encontrarse nas situacións enumeradas nos ordinais anteriores, presente unha situación de necesidade de terceiros para as actividades da vida diaria, acreditada mediante informe médico e social.

Ademais, as persoas coidadoras, para seren beneficiarias da subvención, teñen que cumprir os requisitos establecidos no  artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia (<https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2007-13828&p=20210129&tn=1#a10>)

Modalidade Respiro no fogar

A axuda consistirá nunha **achega para contribuír ao pagamento do servizo** de atención a maiores a domicilio **para atender necesidades puntuais nos supostos convenientemente acreditados**. A través desta modalidade, prevista para dar resposta ás demandas concretas das familias por espazos de **tempo definidos e non moi longos**, prestarase unha atención integral e directa no propio fogar da persoa dependente ou con discapacidade co obxectivo de manter estas persoas no seu domicilio e ofertar ao seu coidador habitual a posibilidade de dispoñer dunhas horas para o seu descanso persoal ou ben para cubrir as súas necesidades puntuais derivadas da conciliación das obrigas laborais e persoais e as responsabilidades familiares que se produzan.

O servizo poderá ser prestado por unha entidade autorizada para prestar o servizo de axuda no fogar e inscrita no  **RUEPSS (<https://ruepss.xunta.gal/XiacWeb/>)** ou por persoal profesional legalmente acreditado con formación específica en atención a persoas con necesidades especiais e contratado directamente pola persoa coidadora solicitante da subvención. As actuacións do servizo cubrirán os coidados persoais e de acompañamento que necesita a persoa que se atende, en ausencia das persoas coidadoras, e pódense prestar as seguintes tarefas:

- a. Compañía activa: manter conversa, lectura e apoio.
- b. Acompañamento a paseos e axuda para desprazamentos.
- c. Aseo, hixiene persoal e mobilización.
- d. Administración de alimentos: pór ou dar alimentos preparados previamente polos familiares.
- e. Administración de medicación oral segundo as indicacións dos familiares e prestar coidados mínimos á persoa que se vai atender con enfermidades crónicas.
- f. Acompañamento a actividades culturais e de lecer.
- g. Calquera outra tarefa implícita no desenvolvemento das anteriores.

Cando nun domicilio se atenda máis de unha persoa, as tarefas que se van prestar deberán ser compatibles coa vixilancia e atención de todas elas.

Contía da axuda:

Ata o 100 % do custo das actuacións previstas na relación da epígrafe anterior

cun **máximo de 1.000 euros por beneficiario/ano**, que se fará efectiva unha vez que se presente a documentación xustificativa.

Modalidade Respiro en Centro de Día

A axuda consistirá nunha achega para contribuír ao pagamento do servizo de atención no centro de día para atender as necesidades puntuais nos supostos convenientemente acreditados.

O obxectivo desta modalidade é atender a persoa dependente, con discapacidade ou con necesidade de terceiros para as AVD no centro de día e ofertarlle ao/á seu/súa coidador/a habitual a posibilidade de dispoñer dunhas horas para o seu descanso persoal ou ben para cubrir as súas necesidades puntuais derivadas da conciliación das obrigas laborais e persoais e as responsabilidades familiares que se produzan.

O servizo deberá ser prestado por unha entidade autorizada como centro de día, inscrita no  **RUEPSS** (<https://ruepss.xunta.gal/XiacWeb/>) e que conte coa autorización correspondente para a prestación deste servizo. As actuacións do servizo cubrirán os coidados persoais e de acompañamento que necesita a persoa que se atende, en ausencia das persoas coidadoras e pódense prestar as seguintes tarefas:

- a. Apoio nas actividades da vida diaria.
- b. Servizo de comedor con menús e dietas adaptadas.
- c. Aseo, hixiene persoal e mobilización.
- d. Actividades destinadas á promoción da saúde física e da autonomía persoal.
- e. Servizos terapéuticos e de entretemento como terapia ocupacional, traballo social, atención social, servizo de animación, obradoiros, excursións, control nutricional.
- f. Servizos complementarios como transporte adaptado, peiteado, podoloxía, fisioterapia, psicoloxía ou xeriatria.
- g. Administración da medicación oral segundo prescrición.

Contía da axuda:

Ata o 100 % do custo das actuacións subvencionables, cun máximo de **1.000 euros por persoa beneficiaria/ano**, que se fará efectiva unha vez que se presente a documentación xustificativa.

Modalidade de Respiro en residencia

Axuda para contribuír ao pagamento da residencia ante unha necesidade puntual nos supostos convenientemente acreditados.

Serán as persoas coidadoras solicitantes da subvención as que aboan o importe total da estadía que hai que pagar.

Para dar resposta á necesidade de descanso da persoa coidadora, esta modalidade prevé a posibilidade de que a persoa en situación de dependencia ou con discapacidade poida acceder temporalmente a un centro residencial dotado dos recursos necesarios para prestarlle unha atención integral.

A modalidade de atención residencial incluírá os seguintes servizos, entre outros:

- a. Aloxamento e manutención completa en cuartos dobres adecuados ás limitacións e necesidades das persoas que se atenden. No caso de que unha persoa que se vaia atender desexa ocupar unha habitación individual, isto estará supeditado á dispoñibilidade do centro e deberá aboar pola súa conta o pagamento do suplemento que lle corresponda.
- b. Menú axeitado baixo supervisión médica.
- c. Atención integral, que comprende: coidado persoal, control e protección, prestación das axudas necesarias realizar as actividades da vida diaria como o aseo, o vestido ou a comida.
- d. Atención médica, psicolóxica e social, tendo en conta as indicacións e tratamento que os profesionais prescriben ás persoas usuarias, se for o caso.

Contía da axuda:

Ata o 100 % do custo das actuacións previstas na relación anterior cun **máximo de 1.500 euros por beneficiario/ano**, que se fará efectiva unha vez que se presente a documentación xustificativa.

Requisitos dos centros que prestan os servizos

O centros residenciais elixidos polos beneficiarios do programa deberán de estar inscritos no  **RUEPSS** (<https://ruepss.xunta.gal/XiacWeb/>)

Estas listaxes de centros están abertos a actualizacións. Se hai novas incorporacións no RUEPSS xa se actualizan.

-  Centros Respiro Familiar A Coruña (/sites/default/files/recursos/centros_coruna_axu_respiro_xun21.pdf)

-  Centros Respiro Familiar Lugo (/sites/default/files/recursos/centros_lugo_axu_respiro_xun21.pdf)
-  Centros Respiro Familiar Ourense (/sites/default/files/recursos/centros_ourense_axu_respiro_xun21.pdf)
-  Centros Respiro Familiar Pontevedra (/sites/default/files/recursos/centros_pontevedra_axu_respiro_xun21.pdf)

[Última actualización da listaxe de centros 16/6/2021]

Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas

A percepción destas axudas é compatible con outras subvencións, axudas e ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado.

No caso de se percibiren outras axudas, deberase acreditar documentalmente a súa natureza e contía, así como calquera circunstancia que poida afectar substancialmente a execución das actuacións. A comunicación deberase efectuar tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

En ningún caso o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas, supere o custo do servizo recibido.

Documentación

 **Anexo I Solicitud presencial | Tramitación en liña** (<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=BS614B&ano=2024&numpub=1>)

1. Copia do contrato de prestación de servizos, ou documento similar acreditativo da prestación do servizo, asinado pola entidade titular da residencia (modalidade Respiro en residencia).
2. Copia do contrato asinado coa entidade prestadora do servizo de axuda no fogar ou contrato ou ampliación do contrato do persoal legalmente habilitado con formación específica en atención a persoas con necesidades especiais, para a modalidade respiro no fogar.
3. Copia do contrato asinado co centro de día prestador do servizo para a modalidade respiro en centro de día.
4.  **Anexo II, relativo á comprobación de datos de terceiras persoas interesadas** (<https://sede.xunta.gal/doc-invia/rest/anexos/231141890>) da

persoa con discapacidade ou dependente ou con necesidade de terceiras persoas para as actividades da vida diaria.

5.  **Informe social (Anexo III)** (<https://sede.xunta.gal/doc-invia/rest/anexos/231141892>) ou no modelo  Informe Social Unificado (ISU) ([/sites/default/files/recursos/informesocialunificado_gl_gardadatos_despregables.pdf](https://sites/default/files/recursos/informesocialunificado_gl_gardadatos_despregables.pdf)) (**/media/k2/attachments/InformeSocialUnificado_gl_gardadatos_despregables.pdf**) relativo á persoa dependente, só naqueles casos en que non exista recoñecemento de grao de dependencia ou que variasen as circunstancias desde a valoración da dependencia.
6. Informe médico relativo á persoa dependente segundo o modelo do Sergas, só naqueles casos en que non exista recoñecemento do grao dependencia
7. Xustificación documental ou declaración responsable xustificativa da situación de respiro ou descanso persoal da persoa coidadora:
 - Xustificante médico de enfermidade da persoa coidadora.
 - Xustificante documental da ausencia puntual de coidado.
 - Declaración responsable da persoa coidadora da situación puntual de ausencia no coidado.
8. Certificado do grao de discapacidade da persoa dependente se non fose expedido pola Xunta de Galicia.
9. Declaración responsable ou documento que acredite oficialmente a situación ou vínculo familiar do solicitante coas persoas atendidas.

Lugar de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia  <https://sede.xunta.gal> (<https://sede.xunta.gal>)

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Prazo

Ata o **21 de outubro de 2024**.

INFORMACIÓN ADICIONAL

- ➔ **Colectivos:** Dependencia, Discapacidade
- ➔ **Data inicio:** 20/04/2024
- ➔ **Data fin:** 21/10/2024
- ➔ **Sistema:** Servizos sociais
- ➔ **Tipo recurso:** Axudas e subvencións
- ➔ **Entidade:** Individuais
- ➔ **Organo:** Consellerías